

**Sesión Ordinaria 7/2017 celebrada polo Pleno do Concello
o día 28 de xuño de 2017**

ORDE DO DÍA

- 1.Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 6/2017 do 25/05/2017**
- 2.Toma de posesión como Concelleiro de Xose Covelo Miguez.**
- 3.Toma de posesión como Concelleiro de Enrique Fojo Durán.**
- 4.Aprobación dun Recoñecemento Extraxudicial de Créditos por importe de 3.580,25 €**
- 5.Actividades de control do pleno.**
 - 5 . 1 Dar conta das resolucións de alcaldía.**
 - 5 . 2 Solicitudes de comparecencia.**
 - 5 . 3 Mocións.**
 - 5 . 4 Rogos e preguntas.**
- 6.Renuncia ao seu posto de concelleiro Ricardo Figueroa Rodriguez.**
- 7.Renuncia ao seu posto de concelleiro Beatriz Laiño Ferreira.**

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía número 1.551/2017 de data 23 de xuño de 2017, e sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do 28 de xuño de 2017 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as seguintes concelleiros/as:

GPM PP

Arturo González Barbeiro.
María José Barciela Barros.
María Teresa París Blanco.
María del Carmen Amoedo Dasilva.
Ángela Antón Pazos.
Jesús Crespo López.
Julio César Mougán Vázquez.
Miguel Ángel Álvarez Ballesteros.

GPM PSOE

Mauro Álvarez Castro.
Ana Isabel Rey Gómez.
Eduardo José Reguera Ocampo.

Isaac Borja Araujo Figueroa.
Leonardo Cabaleiro Couñago.

GPM AER

Beatriz Laíño Ferreira (cesa ao remate da sesión)
Ricardo Figueroa Rodríguez (cesa ao remate da sesión)
Xosé Covelo Míguez (toma posesión no punto 2)

GPM BNG

Xoán Carlos González Campo.

GPM INDEPENDIENTE

Enrique Fojo Durán (toma posesión no punto 2)

Non asisten os concelleiros Digna Rosa Rivas Gómez e José Bernardo Crespo Abal.

Asiste o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera, actuando como secretaria, a secretaria do concello, Nuria Lobato Del Río que da fe do acto.

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

INCIDENCIAS:

- 1.- Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia e pola morte dun xove na pasada noite de San Xoan en Redondela.
- 2.- O Alcalde fai un receso ás 22 horas e 20 minutos do expresado día reanudándose a sesión ás 22 horas e 45 minutos.
- 3.- Retírase polo GPM do PsdeG-PSOE a moción sobre o mantemento do monte da Peneda rexistro de entrada 2016-E-RC- 6.893.
- 4.- Retíranse polo GPM de AER os rogos sobre temas varios mes de xuño e espectáculos con animais rexistro de entrada 2017-E-RC- 9.347 e 2017-E-RC- 9.419, respectivamente.

1.Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 6/2017 do 25/05/2017

Dase conta do borrador da acta da sesión ordinaria núm. 6/2017 do 25/05/2017.

Se formulan as seguintes observacións:

- 1.- Polo sr. González Campo relativa ás manifestacións feitas pola sra. Amoedo no punto 6.3.3. relativo á Moción de AER sobre a posta en valor e dinamización do

arquivo municipal onde sinala que non consta, na segunda intervención da sra. Amoedo, as acusacións de machista feitas na súa intervención.

2. Polo sr. Figueroa Rodríguez relativa á súa primeira intervención, que consta na páxina 16 da acta, onde fala dunha resolución de alcaldía que afecta ás obras de desperfectos do multiusos da Xunqueira dixo que podería xerar quebrantos á facenda municipal e que non procedería devolver a fianza e, respecto, da súa segunda intervención, considera que non se recolle dun xeito adecuado a súa intervención por canto quería salienta que podería ocasionar quebrantos á facenda municipal

3. A sra Amodedo Dasilva pregunta se é obrigatorio, no que respecta á observación feita pola sr. González Campo, recoller na acta manifestacións alleas aos asuntos que forman parte da orde do día.

O sr. Alcalde resposta que a elaboración da acta é función comprensiva da fe pública e corresponde á secretaria da corporación determinar o que se recolle no debate dos asuntos da orde do día que figuran nas actas da sesión. Engade que habitualmente non se recollen.

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación o borrador da acta núm. 06/17, da sesión ordinaria, correspondente ao mes de maio, celebrada polo Pleno da corporación municipal o 25.05.2017.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbbase nos seus propios termos por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes.

2.Toma de posesión como Concelleiro de Xose Covelo Miguez.

Recibida da Xunta electoral central a credencial correspondente ao concelleiro XOSE COVELO MIGUEZ, o cal procedeu a cumprimentar na secretaría do Concello a pertinente declaración de intereses e posibles causas de incompatibilidade, procede que se incorpore á sesión aos efectos de formular o xuramento ou promesa do seu cargo.

Verificado o anterior, o concelleiro electo XOSE COVELO MIGUEZ toma posesión do seu cargo de concelleiro a todos os efectos.

3.Toma de posesión como Concelleiro de Enrique Fojo Durán.

Recibida da Xunta electoral central a credencial correspondente ao concelleiro ENRIQUE FOJO DURÁN, o cal procedeu a cumprimentar na secretaría do Concello a pertinente declaración de intereses e posibles causas de incompatibilidade, procede que se incorpore á sesión aos efectos de formular o xuramento ou promesa do seu cargo.

Verificado o anterior, o concelleiro electo ENRIQUE FOJO DURÁN toma posesión do seu cargo de concelleiro a todos os efectos.

4.Aprobación dun Recoñecemento Extraxudicial de Créditos por importe de 3.580,25 €

ANTECEDENTES:

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda na súa sesión de data 22/06/2017 que dí:

“Vista a proposta da Alcaldía, de data 20 de xuño de 2017, que transcrita di:

“Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento extraxudicial.

A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 19 de xuño de 2017, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.*

Segundo.- *Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 3.580,25 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2017:*

NOME TERCEIRONro.Fact.Data Fact.ImporteAplic.Orzamentaria

Marta Fernández González20/1629-12-16880 €3341B.22609

Pirotecnia La Gallega, S.L.88/1708-05-172.420 €3381A.22699

El Corte Inglés, S.A. 9543934803-02-17280,25 €3321A.22001”

A Comisión Informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, cos votos a favor do grupo municipal do PP, e as abstencións dos grupos municipais de AER e PSG-PSOE, estimou oportuno ditaminar favorablemente a proposta.”

INTERVENCIÓNS:

A sra. Amoedo Dasilva xustifica a proposta na necesidade de recoñecer facturas presentadas fora do exercicio no que se produxo o gasto polas que se emiten e reitera as consideración contidas na proposta de referencia.

O sr. Figueroa Rodríguez se remite ao manifestado en anteriores sesións respecto a outros recoñecemento extraxudiciais de crédito dando por reproducidas as razóns sinaladas para xustificar o seu voto en contra do expediente que se somete ao debate e aprobación.

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación da proposta da Alcaldía, de data 20 de xuño de 2017 relativa á aprobación dun Recoñecemento Extraxudicial de Créditos por importe de 3.580,25 €.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, o Pleno da corporación municipal, por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 16 votos a favor (9 do PP, 5 do PsdeGPSOE, 1 do BNG e 1 do concelleiro non adscrito) e 3 votos en contra de AER, acorda:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 3.580,25 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2017:

NOME TERCEIRO	Nro Fact	Data Fact.	Importe	Aplic.Orzamentaria
Marta Fernández González	20/16	12/29/16	880.00 €	3341B.22609
Pirotecnia La Gallega, S.L.	88/17	05/08/17	2,420.00 €	3381A.22699
El Corte Inglés, S.A.	95439348	02/03/17	280.25 €	3321A.22001

5. Actividades de control do pleno.

5.1. Dar conta das Resolucións de Alcaldía.

O Pleno queda enterado das resolucións da alcaldía a través do acceso ao Libro de Resolucións da plataforma Xestiona.

5.2. Solicitudes de comparecencia.

Non hai solicitudes de comparecencia nesta sesión do Pleno.

5.3. Mocións

5.3.1. Moción do BNG sobre a rehabilitación do Viaduto a Pontevedra.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo BNG do día 22/06/2017 con número 9.320 que se transcribe a continuación:

“Nas últimas semanas o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), acometeu o inicio do Proxecto de Rehabilitación do Viaduto a Pontevedra ou “Viaduto do río Carballos”. Dito Proxecto vai supor o reforzamento da estrutura nos arcos de aproximación, estribos e pilas; actuacións relacionadas cos aparatos de apoio; actuacións na estrutura metálica, e obras relativas á vía. O orzamento total ascende a dous millóns, cincocentos mil euros.

O Proxecto plantexa unha actuación que afecta a todos os elementos estruturais, do viaduto, tanto cambio de pezas deterioradas, mellora na sillería, repintado, eliminación

de maleza. Mesmo se recolle a construción dunha viga de formigón armado no estribo de Redondela, na coroación dos apoios, onde se van anclar ata 10 cables.

Lonxe de converterse nunha intervención que supoña a posta en valor deste viaduto, de máis de 130 anos de antigüidade, o que se vislumbra é o interese de ADIF por consolidar a estrutura, coa finalidade de que o tráfico de mercadorías se convirta no seu uso principal.

O Viaduto a Pontevedra forma xa parte dunha das estampas máis características da Vila. Inaugurado en 1884, complementouse co Viaduto a Madrid, convertendo Redondela nun dos nós ferroviarios máis importantes de Galiza. Hoxe en día segue en funcionamento permitindo o tráfico de trens de mercadorías, ademais de pasaxeir@s. Para o BNG constitúe un elemento clave na futura constitución do Tren de Cercanías, mais o sentido das obras vai máis por un reforzo da estrutura que permita que o paso de mercadorías se convirta na única finalidade deste Viaduto.

Esta posibilidade, xunto a que a estación de Redondela vai quedar practicamente como estación de reparación de trens do Eixo Atlántico, fai que Redondela perda peso específico nunha hipotética futura rede do tren de cercanías. Se lle sumamos a evidencia de que a estación de Eidos se atopa infrautilizada, esta a teoría do BNG faise cada vez máis evidente.

Cabe salientar que o material principal co que foi construído o Viaduto, o ferro, os preto de 130 anos dende a súa construción, xunto ao importante número de trens que o cruzan a diario, supoñen un considerábel impacto nas vidas de moitas familias desta parte da Vila. A contaminación acústica que a diario padecen, os ruídos e vibracións, deteriorando a súa calidade de vida, obrigan a aproveitar esta obra de ADIF, para a redución do impacto acústico que supón para estas vivendas.

No estado español, regulan o control dos ruídos o R.D. 1367/2007, a Lei 37/2003, e a Directiva Europea 2002/49, que define o ruído ambiental como “o son exterior non desexado ou nocivo xerado polas actividades humanas, incluído o ruído emitido polos medios de transporte, polo tráfico rodado, ferroviario e aéreo e por emprazamentos de actividades industriais”... Os veciños e veciñas de vivendas próximas ao Viaduto, xa pagaron abondo a peaxe para que un transporte eficiente como o tren siga existindo en Redondela. A actual intervención debería afrontar a instalación de elementos redutores dos ruídos emitidos polos convois, e a estrutura do Viaduto; intervencións na insonorización das vivendas; limitacións de velocidade segundo horarios, diurno ou nocturno,...

Tal como se recolleu, os Viadutos de Redondela, constitúen unha singular estampa, como testemuñas da vida da Vila. Durante décadas prestaron, e prestan, un insubstituíbel servizo, como partes dunha vía de ferro, que xogou un papel fundamental na industrialización do sur da provincia de Pontevedra. Gozan dunha singularidade que os fai merecedores de consideración por parte da Xunta de Galiza como Ben de Interese Cultural (BIC). Revisado o Catálogo de Ben de Interese Cultural da Consellaría de Cultura, observamos como estas infraestruturas non aparecen catalogadas como tal.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita por parte do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Redondela, a adopción dos seguintes ACORDOS.

1. Instar ao alcalde-presidente do concello de Redondela a que se dirixa ao ADIF, coa finalidade de que se realice un Estudo sobre as condicións acústicas do Viaduto a Pontevedra e o seu impacto no entorno.

2. Instar ao alcalde-presidente do Concello de Redondela a que se dirixa ao ADIF para levar a cabo un proxecto de Redución da Contaminación Acústica no Viaduto de Pontevedra.

3. Instar a que o alcalde-presidente do Concello de Redondela realice as xestións oportunas ante a Consellaría de Cultura, para a declaración dos Viadutos de Redondela, como Ben de Interese Cultural.”

INTERVENCIÓNS:

O sr. González Campo da a benvida aos novos concelleiros da corporación.

Respecto ao fondo da moción salienta o feito de que a obra de rehabilitación completa, de 2,5 millóns de euros, que contempla unha diversidade de actuacións, dende o pintado, eliminación de maleza e actuacións que afectan aos elementos estruturais do viaduto, contemplando actuacións en todos os treitos, e tamén nos pilares, por mor do deterioro do viaduto tal e como resulta do pormenorizado documento técnico descriptivo da obra. No senso apuntado, destaca o feito de que un dos elementos que se refán coa rehabilitación supón unha afección no denominado estribo Redondela, por ser o máis próximo á estación, que esixirá unha viga de sustentación para un cableado que transporte os pesos a terra, do que resultará un forte impacto visual.

Engade que o proxecto contempla as actuacións de rehabilitación pero non prevé medidas de mellora do impacto acústico que permitan mellorar as condicións de habitabilidade das vivendas próximas.

Critica que o viaduto non sexa catalogado pola Xunta de Galicia como ben de interese cultural pola súa singularidade e advirte de que con esta obra se esta perdendo a conexión de Redondela polos camiños de ferro reducíndose a rede de comunicación entre Redondela e Pontevedra principalmente no senso sinalado no dispositivo da moción.

O sr. Alcalde pregunta ao sr. Gonzalez sobre a posibilidade de votar a moción por puntos.

O sr. Gonzalez Campo manifesta a súa vontade de votala no seu conxunto.

O sr. Fojo Durán manifesta o seu apoio á moción pola xustificación contida nela

O sr. Covelo Míguez considera que a moción é unha crítica a ADIF pola utilización desta vía para o transporte de mercadorias e non de pasaxeiros como debería ser e tratase dun asunto relacionado coa importancia de apostar polo servizo de tren de cercanías.

En canto á procedencia da declaración como bens de interese cultura (BIC) de ambos viadutos que atravesan Redondela, o considera moi interesante polo significativo valor que os mesmos ten para o concello e amosa a súa conformidade coa necesidade de prevér medidas de protección acústica.

Respecto a este derradeiro asunto esixe dun análise profundo para evitar adoptar medidas de insonorización que provoquen un impacto visual non desexado no elemento.

En canto as medidas aludidas ao comezo do texto da moción sobre sillería e pedras da construción recorda a importante agresión que sufriu o viaduto no ano 2014 e, para evitar que se repita, compre facer unha constante revisión e seguimento da actuación por parte de todas as Administracións Públicas implicadas.

Considera que a maleza das cabezas do viaduto deberían limpase e preverse unha actuación integral máis ambiciosa como a que se fixo co viaduto de Madrid para a posta en valor do elemento no seu conxunto.

O sr. Reguera Ocampo considera que deben ser os técnicos os que resolvan sobre as medidas para paliar a contaminación acústica e o seu impacto visual.

Recorda ao sr. Covelo Míguez que as obras feitas no ano 2014, ás que fixo referencia, foron denunciadas naquel momento, tan so polo grupo socialista. Asemade apunta que o grupo socialista trasladou ao senado as queixas dos veciños polo ruído e a agresiva intervención feita no viaduto e gracias a elo reverteu a actuación inicialmente proxectada.

Engade que no ano 2015 Patrimonio abriu expediente a ADIF pola execución de obras sen autorización previa.

Considera que o goberno municipal debe estar vixiante na execución dos traballos e engade que ao goberno non lle preocupa o ferrocarril de proximidade e a posta en valor do mesmo como medio de transporte de persoas. Proba delo é que non fixo nada para integrar o transporte na área metropolitana e ¿qué fixo pola estación de Chapela e ao de Eidos?

Considera que en Vilagarcía, sen estar integrada na área metropolitana, ten máis paradas de ferrocarril para conectar coas principais cidades de Galicia o que supón unha clara aposta pola rede de ferrocarril como medio de transporte de persoas.

A sra. Amoedo Dasilva considera, á vista das intervencións, que a oposición transforma unha obra nova e unha boa noticia para Redondela, nunha mala obra e que non recoñecen as xestións do alcalde neste senso que conseguiu importantes recursos para o concello e a execución dunha obra de rehabilitación e posta en valor do viaduto, mentres que o grupo municipal socialista, cando gobernou, executou unha obra faraónica no centro do pobo sen ter resoltas nin as liñas, nin os servizos da estación urbana.

Diríxese ao sr. González para clarexarlle que o proxecto contempla medidas que melloran as condicións acústicas.

A Presidencia abre un segundo turno de intervencións.

O sr. Gonzalez Campos considera que a falta de compromiso cos veciños deste goberno, se constata na intervención da sra. Amoedo e engade que hai moita falta de xestión do goberno que debería instar, entre outros, medidas de impacto acústico tal e como resulta da parte dispositiva da moción.

Asemade critica ao goberno por mirar para outro lado mentres se desmantela o tren de cercanías e considera que o tren de Redondela vai a converterse nun taller do eixo atlántico.

O sr. Covelo Miguez reitera a súa preocupación polo mantemento do servizo de transporte de viaxeiros e lembra que hai uns meses existía unha unha ameaza de deixar de dispensar billetes na estación de Redondela.

Respecto da moción formulada no senado á que se alude no debate ten constancia dela e do traslado da proposta, pero non sabe se sé votou ou retirou.

Respecto á boa nova da obra á que alude a sra. Amoedo sinala que AER celebrou a nova pero considera que debe facerse unha labora seria e responsable de avaliación, seguimento e impacto da mesma vendo outras actuacións de fomento.

O sr. Reguera Ocampo reitera as manifestacións feitas na súa primeira intervención sobre a necesidade da obra con seguimento dende o concello.

Resposta a sra Amoedo manifestando que a estación construída polo goberno socialista de Redondela foi boa xa que se dotou dunha estación no centro cunha ampria zona de aparcadoiro o que supón un claro beneficio na dinamización do centro urbano.

A sra. Amoedo Dasilva reitera que o alcalde cree no transporte metropolitano e no ferrocarril para o transporte de viaxeiros mentres que o grupo municipal socialista apoiou ao Sr. Caballero para que a área metropolitana non saíra adiante.

(O sr. Alcalde chama a orde)

Engade que o ministerio de Fomento fixo cosas boas e outras non boas como cando estaba o sr. Pepe Blanco e fixo o tema da AP9.

O sr. Gonzalez Campos remata reiterando as razóns contidas na moción e manifesta que detrás da actuación do viaduto está a autoridade portuaria e a asociación de empresarios.

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación da moción do grupo BNG do día 22/06/2017 con número 9.320 sobre a rehabilitación do Viaduto a Pontevedra

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, apróbase por unanimidade dos concelleiros/as, sendo 19 votos a favor (9 do PP, 5 do PSdeG-PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

5.3.2 Moción de AER Sobre a Posta en Funcionamento dun Local Compartido de Asociacións no Multiusos de Redondela.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo AER do día 22/06/2017 con número 9.377 que se transcribe a continuación:

“Proposta por diversas asociacións e entidades usuarias das antigas casas dos mestres e do Multiusos da Xunqueira.

Cofiecido é que a Vila de Redondela ten unha importante necesidade de cara a que as asociacións sen sede propia poidan contar cun local onde reunirse, gardar a súa documentación e organizar os seus eventos. A esta necesidade histórica do asociacionismo redondelán hai que engadir no momento presente que en breve diversas asociacións teñen que deixar de empregar as casas do mestres ante a realización de diferentes obras.

Tendo constancia da existencia de aulas dispoñibles que se poderían destinar á creación de aula compartida de asociacións no Multiusos da Xunqueira, e sendo conscientes do carácter sen ánimo de lucro das entidades ás que se fai referencia e o proveito xeral que a veciñanza de Redondela veñen obtendo das actividades destas asociacións, estase falando dunha demanda e necesidade xusta e necesaria.

Así pois, no pleno do 3 de maio de 2017 preguntouse no pleno sobre un local compartido de asociacións no Multiusos de Redondela, sendo a resposta dada polo goberno local en principio positiva pero sen concretar espazos nin data de posta en marcha:

A concelleira AMOEDO DASILVA resposta que tivéronse xuntanzas previas con todos os colectivos e se lles explicou para amosar o interese do goberno de rehabilitar as vivendas e se puxo de manifesto que se fixera para ocupación temporal. Explicouse de xeito claro e conciso que poderían usar o Multiusos para o que precisasen, pero que os espazos tiñan que ser compartidos con outros colectivos, non pode deixarse a un único colectivo. E aos que tiñan material se lles puxo a disposición a biblioteca para que se consultase ese material. Recibirán unha comunicación formal.

Por petición das asociacións, meteuse rexistro para que se concretara de xeito inmediato a posta en marcha dun local compartido para entidades sen ánimo de lucro. A resposta dada polo goberno local incidía na súa dispoñibilidade para o local compartido pero demoraba a súa posta en marcha practicamente para despois do inicio do vindeiro curso:

En contestación o sea escrito con rexistro número 7005 temo a ben comunicarlle que de momento non se pode concretar as aulas que podrán usar de xeito habitual en permanente as distintas asociacións que están realizando aa suas actividades nas casas dos mestres e que no momento en que sexa preciso podrán utilizar coordinándose con outros cocolectivos.

As aulas do multiusos teñen distintos usos dende cursos de formación a aulas de ensaio2 para corais, rondallas, alfabetización, memoria, durante os 6 meses dos obradoiros as clases teóricas tamen se realizan aquí, os campamentos de conciliación de Simona.

Por todo iso ten que facer se un análise en profundidade e coordinado ca concelleira responsable do Multiusos, facer unha restructuración con vistas o próximo curso para que a aula que se poida usar por estes colectivos sexa permanente .

Todo o edificio contacto con acceso a wifi , e o mobiliario se dotará de un básico común en logo cada asociación tera que dotado do que precisen para realizar a suave actividade con normalidad en.

No momento que se podían usar os espazos se lle comunicará directamente as asociacións interesadas e se poñera tamen en cofiecedo dos grupos políticos.

Facendo unha análise en profundidade dos usos actuais das diferentes aulas e espazos do Multiusos de Redondela obsérvase que hai diferentes posibilidades de cara a establecer un local permanente de uso compartido apra asociacións. Obsérvanse varios espazos con usos escasos e puntuais e outros nos que os usos que presentan poden ser derivados a outras aulas. Así habería na actualidade dispoñibilidade nos seguintes espazos:

- Planta 1 –D: Aula de Informática
- Planta 2 – C: Espazo 23

Ambos espazos de dimensións intermedias, polo que a instalación de asociacións sería limitado. Non obstante, os seguintes espazos poderían albergar perfectamente o futuro local compartido de asociacións por ter un tamaño máis apropiado:

- Planta 0 – A: Espazo 01. Con varios usos que se poderían distribuír aos espazos 02 -03 -05.
- Planta 0 – I: Espazo 05. Empregado para xuntanzas numerosas de carácter puntual.

Visto que o goberno local vai comezar coa análise da posta en marcha deste local compartido para dentro duns meses, ao que hai que engadir demoras diversas que sempre acontecen, observamos un excesivo retraso para parecer a súa apertura e con iso, á ubicación no local compartido das entidades interesadas en facer uso del e xestionalo de xeito comprometido. Engadindo que diversas entidades que facían uso de pequenos espazos no Multiusos procederon a retirarse por sentirse desprazados, Xente Titiriteira ou Alen Nós, e que si que precisan xa dun espazo compartido amplo e ben dotado. Engadindo que diversas entidades que están establecidas nas antigas Casas dos Mestres teñen que reubicarse canto antes, polo que un local compartido no Multiusos é xa unha necesidade para que poidan seguir facendo as súas funcións sociais e culturais.

Por estes motivos, propoñemos os seguintes ACORDOS:

1.- Que de xeito inmediato se concrete unha aula do Multiusos da Xunqueira (Espazo 01 ou 05) para asociacións mediante xestión compartida e auto organizada, propoñendo como a posibilidade máis interesante, ao contar con almacén e acceso exterior, a coñecida como Aula da Cafetería (Espazo 01). Notificarase da dispoñibilidade ás entidades interesadas mediante escrito oficial do concello.

2.- Que no mes de agosto, unha vez remate o programa de conciliación de verán, poidan as asociacións empezar a facer uso desta aula compartida.

3.- Que se dote a susodita aula de acceso a internet, conexión telefónica e mesas e sillas para facilitar a organización básica das entidades que a van a empregar como sede permanente e xestionada conxuntamente.

4.- No que respecta ás entidades que se atopan nas antigas casas dos mestres, estas non abandonarán a súa actual ubicación mentres non se implemente o estipulado nos acordos anteriores."

INTERVENCIÓNS:

O alcalde da a palabra, co obxecto da lectura literal da presente moción, a un representante do colectivo peticionario da mesma, en base ao solicitado polo GPM de A.E.R.

Tras a lectura literal do texto da moción se declara aberto o debate.

O sr. Fojo Durán considera que Redondela debe ser das asociacións e grupos culturais e os problemas organizativos non deben ser excusa para habilitar espazos demandados para o exercizo da súa actuación e, neste senso, fomentar o tecido asociativo.

O sr. Gonzalez Campo considera a proposta contida na moción razoable e debe ser o concello quen de solución e resposta as peticións dos colectivos e asociacións tendo en conta o importante peso que ten os colectivos e voluntariado en todo o termo municipal, enriquecendo ao concello co seu patrimonio.

Considera que a estratexia do alcalde e ocupar espazos municipais con despachos para os seus concelleiros.

A sra. Rey Gómez salienta que xa noutras sesións plenarias debateuse sobre a infrutilización dos espazos municipais e sobre todo do multiusos e a perda das actividades que de longo se viñan desenvolvendo no mesmo.

Na actualidade hai salas, como a 21 e 22, que antes se utilizaban en réxime de autoxestión e agora practicamente están baleiras e sen actividade.

Propón introducir a seguinte enmenda na proposta de acordo contida no texto da moción:

“1.- Que de xeito inmediato se concrete unha das aulas do Multiusos da Xunqueira para asociacións mediante xestión compartida e auto organizada. Notificarase da dispoñibilidade ás entidades interesadas mediante escrito oficial do concello.

5.- Estudo dun futuro convenio de cesión da posible aula coas asociacións e o Concello de Redondela para dar carácter estable ao uso temporal do espazo autoxestionado”

A sra. Amoedo Dasilva mostra o documento coa programación de actividades nas salas, e dí que demostra a aposta do goberno polo movemento asociativo e a existencia dunha prolíxica programación cultural e lúdica.

Resposta ao sr. Fojo manifestando que o goberno reuniuse cos colectivos para recoller as súas demandas e, dacordo coas previsións, fan programación do uso dos espazos puntualmente garantindo o seu aproveitamento.

Ao tempo sinala que o concello dispón dunha normativa que regula o uso e aproveitamento destes espazos á que debe axustarse para garantir a libre concorrencia, a igualdade e o dereito de todos a facer uso dos espazos públicos municipais.

Considera que a moción describe unha situación de alarma social ao respecto deste asunto moi lonxe da realidade xa que o goberno non restrinxe, nin impide o uso dos espazos por todos os colectivos, incluído o da asociación da que forma parte a persoa

que leu a moción, para a celebración de multitude de talleres, cursos e actividades de toda natureza.

Remata manifestando que a moción formula a adopción dun acordo que corresponde adoptar ao alcalde no exercicio das atribucións recoñecidas na norma.

O sr. Covelo Míguez clarexa que a moción non pretende xerar alarma senón recoller as demandas que de lonxe manifestan as asociacións e a preocupación destas pola súa ubicación para o desenvolvemento da súa actividade.

Considera que debería facerse unha distribución mais razoada que evita deixar ociosos espazos libres existindo demanda de utilización dos colectivos e asociacións.

O sr. González Campo reitera que a demanda das asociacións e unha realidade e demostra que o goberno non responde a súas necesidades sobre todo tendo en conta que non é tan complicado facer unha distribución dos espazos que permita o uso de todos os colectivos.

A sra. Rey Gómez intervén para reiterar o manifestado respecto a que co goberno municipal socialista a ocupación dos espazos polos colectivos era moito maior cunha maior oferta de actividades baixo a premisa da igualdade e concorrencia e agora hai menos oferta de actividades e máis problemas cos colectivos.

A sra. Amoedo Dasilva engade que o grupo de goberno se coordina para facer unha distribución razoada, igualitaria e equitativa dos espazos tendo en conta as programacións e previsións.

Engade que hai unha previsión de execución de obras e ata que non estean executadas poderán seguir facendo uso dos espazos.

Se dirixe aos membros do GPM da A.E.R para recordalles os problemas de salubridade que tivo o concello pola cesión que fixeron dun local municipal a unha protectora de animais.

O sr. Covelo Míguez considera que as pretensións formuladas na moción son de resposta sinxela, non susceptible de xerar frustracións, sempre que exista vontade política e un mínimo de organización e programación que permita identificar espazos que cubran necesidades para consolidar un local compartido e dinámico.

O local petitionado na moción para a xestión compartida permite moitas posibilidades ás asociacións xa que dispón dun almacén e saída posterior.

Respecto as enmendas propostas pola sra. Rey considera que a moción debe permanecer inalterada por ser o traslado das demandas das asociacións.

O sr. Alcalde interven para clarexar que non so se trata de ubicar asociacións e colectivos nos diferentes espazos, senón tamén de reubicar servizos administrativos que na actualidade non dispón de espazos axeitados nas actuais ubicacións para a prestación de servizos básicos do concello o que complica a distribución dos espazos existentes.

Por outra banda manifesta que dende o goberno existe un compromiso real de dispor dun modelo con espazos compartidos, non so culturais, senón do tecido empresarial, con coworking e outras fórmulas análogas e, neste senso, a inmediatez esixida na mocion é un problema para garantir o uso eficiente e racional dos espazos.

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, sen a enmenda proposta polo GPM do PSdeG-PSOE, por non ser admitida polo GPM da AER, a aprobación da moción do grupo AER do día 22/06/2017 con número 9.377 relativa á Posta en Funcionamento dun Local Compartido de Asociacións no Multiusos de Redondela.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, apróbase por maioría dos concelleiros/as, sendo 10 votos a favor (5 do PSdeG-PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e 9 votos en contra (do PP).

A sra Amoedo Dasilva matiza o voto en contra do GPM do PP manifestando que a proposta de acordos contida na moción non pode levarse a cabo pola inmediatez coa que se propón a súa execución ata ter claros os calendarios e programación.

5.3.3 Moción do PsdeG-PSOE relativa ao Patio Cuberto CEP a Marisma e CEIP Quintela.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo PSdeG-PSOE do día 22/06/2017 con número rexistro electrónico 296 que se transcribe a continuación:

“En 2011, os pais e nais do alumnado de Redondela recolleron 2.000 sinaturas polas deficiencias que presentaban sete colexios da localidade. A ANPA Ernestina Otero do CEP Santa Mariña foi unha das promotoras xa que se leva mobilizando durante anos para intentar atopar unha solución para os máis de 400 alumnos do CEP Santa Mariña que se ven desamparados ao non contar cun patio cuberto que lles permita realizar as súas actividades con normalidade.

Por outra banda, un temporal levou 20 metros da cuberta do CEIP Quintela en 2011. A posterior reparación que se efectuou foi declarada como provisional ante a promesa dunha nova cuberta por parte do delegado territorial da Consellería de Educación, César Pérez. A día de hoxe, a cuberta do CEIP Quintela segue con esa reparación provisional e coa aparición de novos remendos co último temporal acontecido neste 2017. Dita cuberta é de uralita que contén amianto, material non recomendable porque pode afectar a saúde e se está a retirar dos colexios. Este material está ocasionando que coas últimas ondas de calor, o alumnado do colexio está soportando altas temperaturas que impiden o transcurso normal da actividade docente.

O 28 de abril de 2016, o PSdeG-Redondela presentou unha moción cuxa finalidade era instalar un patio cuberto no CEP Santa Mariña e una nova cuberta no CEIP Quintela. Dita moción foi aprobada por unanimidade a pesar de que a concelleira do PP, Teresa París, declarou que sobre o CEIP de Quintela “se fixeron varios informes dos que da conta e dos que se deduce que non era necesaria a súa reposición aínda que fora convinte cambiala para mellorar o aforro de enerxía e por outras cuestións”.

Estas últimas declaracións, contradíñense co afirmado polo delegado territorial da Consellería de Educación, César Pérez, que no ano 2012 prometeu que levaría a cabo unha completa renovación da cuberta do CEIP Quintela.

Cabe que engadir que dentro dos acordos recollíanse: instar á Consellería de Educación a que o CEP Santa Mariña e o CEIP Quintela estean dentro deses colexios beneficiarios dos 120 millóns de euros para mellora de centro públicos e instar ao Goberno Municipal do PP a informar de todo o proceso de xestión para acadar o patio cuberto no CEP Santa Mariña e a instalación dunha nova cuberta no CEIP Quintela. A día de hoxe, nin o CEP Santa Mariña, nin o CEIP Quintela están dentro dos beneficiarios, nin os partidos da oposición foron informados de todo o proceso de xestión que levado a cabo.

A finais de 2016, o Grupo Municipal do PSdeG-Redondela fíxolle chegar unha serie de enmendas aos Orzamentos da Xunta de Galicia 2017 ao Grupo Parlamentario do PSdeG-PSOE. Dentro destas enmendas, entre moitas outras, incluíase a Instalación dun patio cuberto no CEP A Marisma de Redondela e o cambio da cuberta do CEIP Quintela. Cando o PSdeG-PSOE presentou as enmendas a debatir no Parlamento de Galicia, foron rexeitadas polo Grupo Parlamentario do PP de Galicia do que forma parte o redondelán, Alberto Pazos. A petición dos socialistas leva sendo solicitada estos anos e a Xunta de Galicia pese a ter coñecemento das diferentes situacións, ignorou repetidamente estas peticións nos seus orzamentos e o Goberno Municipal do PP de Redondela calou, consentindo e apoiando con membros do PP de Redondela a merma de dereitos en calidade educativa dos nenos e nenas do noso concello.

Por todo o exposto, solicítase ó pleno da corporación municipal o seguinte ACORDO:

- 1. Instar á Consellería de Educación a que instale un patio cuberto no CEP Santa Mariña e unha nova cuberta no CEIP Quintela.*
- 2. Instar ao goberno municipal do PP a informar de todo o proceso de xestión para acadar o patio cuberto no CEP Santa Mariña e á instalación dunha nova cuberta no CEIP Quintela ao que tantos alumnos e alumnas de Redondela teñen dereito.”*

INTERVENCIÓNS:

O sr. Reguera Ocampo xustifica a moción no seus propios termos e sinala que a mesma reitera unha petición xa formulada no pleno.

O sr. Fojo Durán manifesta que os problemas referenciados na moción son de hai tempo e as protestas non atopan ningunha solución pola deixadez do goberno municipal.

O sr. González Campo o considera un asunto recorrente e manifesta que o goberno autonómico castiga aos colexios de Santa Mariña e Quintela que foron os únicos centros que se movilizaron contra a política autonómica contra o ensino público, reivindicando os dereitos para os seus fillos e son os únicos que no reciben subvencións da Xunta de Galicia.

Considera que a situación da cuberta do colexio de Quintela afecta a saúde do alumnado e o goberno municipal mira para outro lado.

Respecto ao patio cuberto de Santa Mariña, recorda que atopábase entre as promesas contidas no programa electoral do alcaldable Bas o que indica que se comprometeron cando sabían que non era competencia de concello.

O sr. Figueroa Rodríguez apoia a moción e critica que xa pasaron seis anos desde a reclamación das obras sen que ata agora se fixera nada para solucionar o problema.

Coincide co sr. González Campo que dende a Xunta parece que a intención é deixar baleiros os centros públicos, mantíndo e sustentando con fondos públicos os concertados.

A sra. Amoedo Dasilva resposta que desplazouse ao colexio da Quintela para manter unha reunión coa sra. directora na que estivera presente o sr. Reguera Ocampo onde se manifestaron as necesidades e preocupacións no vindeiro curso, principalmente relativas á disposición de comedor, a limpeza da maleza e a liña de autobús, para garantir a conciliación das familias e evitar que os nenos marcharan a outros centros, pero en ningún momento se falou da cuberta.

Apostan por unha nova cuberta pero os colexios esixen varias melloras dende hai tempo e se deben establecer prioridades para poder facer fronte a todas elas.

Respecto a aposta do goberno polo ensino público resulta evidente a vista das xestión e actuacións realizadas ao respecto e recorda que un destes colexios tiña auga da traída e solucionaron o abastecemento de auga potable para garantir este servizo básico no colexio.

Considera demagóxica a intervención do sr. González e do sr. Fojo, tendo en conta a aposta da Xunta polo ensino e servizos públicos en xeral que o demostra a apertura das garderías e as dotacións e actuacións que levan a cabo nos colexios.

O sr. Reguera Ocampo clarexa que non estivo na reunión por que non foi invitado. Se atopaba nas instalacións porque é profesor do centro e, nese momento, estaba traballando.

A moción se formulará e se seguirá formulando entanto o goberno non de unha solución ás demandas plantexadas pola comunidade educativa ao respecto e que son longas no tempo.

Mostra fotografías da cuberta e considera que a mesma está deteriorada e non garante a seguridade no centro e piden na moción unha substitución da mesma por unha cuberta que aísle do frío e da calor.

O sr. Fojo Durán acusa ao goberno de deixadez neste asunto e dar a espalda á comunidade escolar.

O sr. González Campo reitera o manifestado respecto do compromiso electoral do sr. Bas e do desmantelamento do ensino público auspiciado pola Xunta de Galicia.

O sr. Figueroa Rodríguez manifesta que polas declaracións da sra. Amoedo parece concluírse que a cuberta de Quintela non esixe reparacións. Respecto ao colexio de Santa María resulta o feito de que os nenos non poden saír ao patio e xera problemas de seguridade vial por que os nenos tendrían que atravesar a estrada polo que dende as ANPAS se solicitou o peche da rúa.

Salienta o feito de que as reparacións feitas no colexio de Cesantes para substituír a cuberta se realizou con rapaces dentro sen substituír á da antiga casa de bedel que sigue con uralita.

A sra. Amoedo Dasilva considera que deben ser os técnicos os que determinen o estado da cuberta e a procedencia da substitución.

Reitera que a directora do centro non priorizou a actuación e indica que se o goberno non se preocupara da educación pública non estaría entre as súas actuacións a construción dun colexio en A Igrexa.

O sr. Reguera Ocampo reitera o manifestado respecto a que non se lle invitou a reunión como concelleiro senón para que axudara a directora e ela está perfectamente capacitada para exercer como tal e respecto ao desmantelamento do ensino público.

A sra. Amoedo Dasilva pide a palabra por alusións.

O sr. Alcalde pídelle que identifique as alusións que motiva a súa intervención.

A sra. Amoedo Dasilva resposta que o sr. Reguera Ocampo lle acusou de ter unha actitude machista.

O sr. Alcalde considera que non hubo alusións

O sr. Gonzalez Barbeiro pide a palabra por alusións.

O sr. Alcalde considera que non hubo alusións.

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación da moción do grupo PSdeG-PSOE do día 22/06/2017 con número rexistro electrónico 296 relativa ao Patio Cuberto CEP a Marisma e CEIP Quintela.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, apróbase por unanimidade dos concelleiros/as, sendo 19 votos a favor (9 do PP, 5 do PSdeG-PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

5.4 Rogos e preguntas.

ROGOS:

Rogo do PsdeG-PSOE sobre agasallo institucional co molde da coca.

“Nas primeiras lexislaturas desta democracia, o Concello de Redondela realizou diversas xestións co Grupo Sargadelos para a realización de escudos, pracas de sinalización das rúas do casco vello, pratos e tazas conmemorativos sobre o

Centenario de Castelao e a Coca. Sendo coñecedores de que este Concello é propietario do molde da Coca e xa non hai existencias dos elementos conmemorativos que utilizábanse de agasallo institucional.

ROGAMOS, ao señor Alcalde que faga as xestións oportunas para:

Que inicie os trámites para que Sargadelos volva a producir os agasallos institucionais co molde da Coca propiedade do Concello de Redondela."

O alcalde toma nota.

Rogo do PsdeG-PSOE relativo a reposición dunha cuncha metálica da vieira xacobeá en rúa Padre Crespo.

"No traxecto do Camiño de Santiago ao seu paso polo Concello de Redondela, existían varias sinalizacións mediante unhas cunchas metálicas da vieira xacobeá na Rúa Pai Crespo.

A día de hoxe, a sinalización diante do Pazó de Petán non está por mor do vandalismo.

ROGAMOS, ao señor Alcalde que faga as xestións oportunas para:

A reposición por parte da Consellería de Cultura da cuncha metálica da vieira xacobeá, na rúa Pai Crespo interior, diante do Pazo de Petán"

O alcalde toma nota.

Rogo do PsdeG-PSOE relativo a colocación da bandeira LGTBI na fachada do Concello.

"O 28 de xuño, celébrase o Día Internacional do Orgullo LGTBI (lesbianas, gais, bisexuais, transexuais e intersexuais). Unha data onde se manifesta un dereito humano, a liberdade de orientación sexual.

Dende o PSdeG-Redondela cremos que é necesario o apoio institucional a defender unha sociedade máis libre e destacar a loita histórica levada a cabo por todos os activistas LGTBI que foron agredidos, perseguidos, encarcerados e mesmo asasinados por defender os Dereitos Humanos.

Hoxe máis que nunca, debemos facer unha defensa dos dereitos humanos xa que estamos a vivir un elevado número de agresións contra lesbianas, gais, transexuais e bisexuais no noso país. Os datos oficiais sinalan que preto do 40% dos delitos de odio que se producen no noso país son motivados pola orientación sexual e identidade de xénero, aínda que moitas das vítimas non denuncian por medo.

ROGAMOS, ao señor Alcalde que faga as xestións oportunas para:

Que pendure a bandeira LGTBI ou bandeira da liberdade na fachada do Concello de Redondela durante o que resta de mes e o que vén."

O alcalde toma nota.

Rogo do PsdeG-PSOE relativo ao cumprimento coa veciñanza sobre a humanización da Avenida de Vigo.

"O alcalde de Redondela, Javier Bas, comprometeuse coa veciñanza para minimizar as repercusións da humanización da Avenida de Vigo. Esta promesa recollía que as obras se realizarían en tramos de 100 metros.

En abril de 2017, os veciños denunciaban publicamente que a zona valada era superior á prometida, a pesar de que as obras non comezaran.

A día de hoxe, a zona valada segue superando os 100 metros. A inutilización da zona de aparcadoiro debido ao valado está ocasionando molestias aos usuarios e comerciantes da Avenida de Vigo.

ROGAMOS, ao señor Alcalde que faga as xestións oportunas para:

Que cumpra o prometido coa veciñanza de Chapela, é dicir, o valado de 100 metros nas obras de humanización da Avenida de Vigo.”

O alcalde resposta que é falso o que se manifesta neste rogo xa que non se comprometeu en ningún momento.

PREGUNTAS:

Pregunta AER relativo ao Entroido de Verán. (Rex. Entrada 22.06.2017, 2017-E-RC-9.349).

“Aproxímase a época estival e con el, o Entroido de Verán. Esta actividade da que é máximo responsable o Concello de Redondela, ten constatado diversas carencias e mellorías recoñecibles por todos os aquí presentes.

Por este motivo preguntamos, que cambios na xestión do Entroido de Verán ten en mente programar o goberno local para evitar os diversos problemas reiterativos ano tras ano neste evento e para mellorar a calidade cultural do evento?”

Resposta: A sra Amoedo Dasilva resposta que nesta edición se aumentara o número de baños públicos pero considera inevitable que ao avanzar a noite non sexan utilizados. Asemade indica que se ampliaron as zonas valadas para evitar destrozos e haberá mais novidades pendente de materializarse. Non obstante clarexa que o incremento de persoas que concorren a este festa en cada edición fai cada vez máis complexo o dispositivo organizativo da mesma, co que o concello está mellorando e cambiando as rutinas neste senso.

Pregunta AER relativo ao tráfico na rúa Pai Crespo. (Rex. Entrada 22.06.2017, 2017-E-RC-9.349)

“A rúa Pai Crespo, de carácter semipeonil, contaba cuns bolardos que regulaban o acceso aos residentes que precisan acceder aos seus aparcadoiros, que na actualidade atópanse inutilizados. Observamos que pola zona, aparte dos residentes, numerosos vehículos esquivan transitar pola estrada principal para atallar e chegar á zona da Farola cuns segundos de antelación.

Coñece o goberno local esta circunstancia e ten algunha planificación para darlle solución a esta situación?”

Resposta: O sr. Gonzalez Barbeiro sinala que son coñecedores da problemática e clarexa que esa rúa non é utilizada como rúa alternativa, son usuarios desa zona os que fan uso dela pero non se aforra tempo e a velocidade a que se pode transitar e moi inferior a principal.

Pregunta AER relativo ao espazo museístico cerámica Sargadelos (Rex. Entrada 22.06.2017, 2017-E-RC-9.349)

“Poderíannos explicar as razóns polo que se destina unha cantidade de 14.413,40 euros a crear un espazo museístico na Casa da Torre cunha colección de cerámica de Sargadelos recentemente doada ao Concello de Redondela e pola contra se renuncie a musealizar o material que a asociación Alén Nos ten recompilada e xa ofreceu en numerosas ocasións para que poida ser gozada por toda a veciñanza de Redondela?”

Resposta: A sra. Amoedo Dasilva considera que no rogo se fai unha afirmación que non é certa xa que non se renuncia. A doación é un reclamo para visitar a vila. Hai que buscar un espazo acorde para instalala e que poida ser disfrutada dun xeito apropiado por todos e non se pode facer na casa da Torre.

Pregunta AER relativo ao cumprimento de mocións: Horas Extras no Concello (Rex. Entrada 22.06.2017, 2017-E-RC-9.349)

“No pleno do 2 de setembro de 2015 aprobouse a moción sobre horas extras no Concello. Os acordos establecían:

- *Creación con carácter inmediato dunha mesa de negociación, coa presenza do servizo de Intervención e representantes sindicais, cara a establecer un procedemento acorde coa lei.*
- *Creación dun listado ordenado de persoal disposto a facer horas extras e que se siga unha rigorosa orde de ofrecemento segundo a cualificación profesional correspondente e os servizos para os que se solicita.*
- *Solución con carácter inmediato da problemática dos Multiusos de Chapela e Redondela, adecuando os horarios aos dereitos dos traballadores.*

Sendo o resultado da votación, tal como quedou transcrito na correspondente acta:

A corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda que é necesaria a invitación aos Sindicatos para tratar os dous primeiros puntos, sendo 19 votos a favor (8 do PP, 5 do PSdeG-PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita). O alcalde sinala que ten prevista unha reunión cos mesmos por outros motivos e que porá a cuestión no seu coñecemento, comprometéndose a convocar unha reunión antes do vindeiro Pleno.

Poderíanlle concretar á veciñanza o estado de cumprimento dos acordos desta moción?”

Resposta: A sra. Amoedo Dasilva resposta qua o concello dispón dunha RPT onde se recolle a especial dedicación dos postos afectados pola realización de servizos extraordinarios e na actualidade se esta negociando cos sindicatos, a través das mesas de negociación, a regulación da retribución pola realización de servizos extraordinarios. Na actualidade se confeccionan listados para controlar os servizos extraordinarios.

Pregunta AER relativo aos avances unilaterais no Redondela 2020 (Rex. Entrada 22.06.2017, 2017-E-RC-9.349)

“En resolución de alcaldía de data 6 de xuño de 2017, apróbase contratar a elaboración do Plan Director “Starupvila” dentro do Proxecto Redondela 2020. Como estas hai outros gastos aprobados. Por qué o goberno local non consulta as actuacións a enmarcar dentro do Proxecto Redondela 2020 coa oposición e demais axentes sociais? Por qué está deixando totalmente de lado na toma de decisións no Redondela 2020 a oposición e demais axentes sociais?”

Resposta: O sr. Alcalde califica esta pregunta como desenfocada ou de dobre intención tendo en conta a información que de xeito habitual da o goberno aos grupos da oposición a través de xuntanzas constantes. Reitera no manifestado nelas e sinala que o único gasto de 2020 foi un asesoramento para poder tramitar ante o Ministerio unha serie de requisitos formais para que Redondela fora organismo intermedio lixero. Engade que se esta tratando de vincular determinados proxectos á liña de axudas REDONDELA 2020 e, neste senso, pediu informe do interventor, onde informe que non consta contratación de ningunha inversión con cargo a dito plan. Roga dos grupos da oposición prudencia neste asunto xa que se esta demorando a toma de decisións ata que o Miniestrio non defina claramente os proxectos e pautas. Os proxectos STARUPVILA o vai a facer o concello como iniciativa de emprendemento sexa ou non a través da liña REDONDELA 2020 e o mesmo di respecto a Praza de abastos de Chapela.

Pregunta PSdG-PSOE relativo a calidade da auga na praia de Arealonga (Rex. Entrada 26.06.2017, 2017-E-RE-301)

"O 7 de xuño, publicaba La Voz de Galicia "Europa desaconsella bañarse nas praias de Arealonga e Sobreira".

O 12 de xuño, saía publicado noutro medio, Faro de Vigo, unha noticia que afirmaba "Arealonga abre a tempada estival cunha `excelente` calidade das súas augas" segundo os datos ofrecidos polo concelleiro de Medio Ambiente, Miguel Ángel Álvarez. Nesta recollíase "a praia de Arealonga arrinca a tempada estival cunha calidade da auga inmellorable. Polo menos, iso é o que se desprende das últimas analíticas realizadas pola Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación da Xunta ao principal areal de Chapela" e "a praia seguirá lucindo nun ano máis o cartel de `calidade insuficiente` situado nun lateral da caseta dos socorristas".

Un día máis tarde, preguntaba La Región "é Arealonga a peor praia de Galicia? E de España?". Nesta noticia, dicíase "a cualificación final por parte da Xunta é de `insuficiente` a pesar do que o Concello mantén que `se mellorou a calidade da auga, e iso reflíctese nas dúas últimas analíticas". É dicir, isto contradicía o afirmado, un día antes, polo concelleiro de Medio Ambiente, Miguel Ángel Álvarez.

Este tipo de noticias sobre a salubridade da praia de Arealonga que se van contradicindo coa información que vai dando o Goberno Municipal do PP segundo pasan os días, fai que moitos usuarios da praia estean inquietos e non saiban se é recomendable ou non.

PREGUNTAS:

Cales son cada un dos datos dos últimos catro anos da calidade da auga dos tres organismos: Concello de Redondela, Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e Axencia Europea do Medio Ambiente (AEMA)? Segundo as declaracións do concelleiro de Medio Ambiente, Miguel Ángel Álvarez, a calidade da auga é inmellorable, é dicir, a auga da praia de arealonga non se pode mellorar aínda cando non está permitido o baño? A día de hoxe, é recomendable o baño na Praia de Arealonga?"

Resposta: O sr. Álvarez Ballesteros manifesta que na praia de Arealonga non esta prohibido o baño. A súa concellería leva feito unha serie de obras para resolver os problemas de Arealonga e os datos que resultan das medicións efectuadas mostran valores similares a Vigo e Cesantes co que a situación é boa e óptima o que non exime da posibilidade de que poida existir no futuro un verquido incontrolado, avería,

rotura ou da propia depuradora que altere os valores que resulten das medicións. En ningún momento afirma que é inmejorable.

Pregunta PSdG-PSOE relativo a convocatoria da comisión de seguemento da AP-9 (Rex. Entrada 26.06.2017, 2017-E-RE-302)

“O 17 de febreiro de 2017 na Comisión de Seguemento das Obras de Ampliación da AP-9, o Goberno Municipal do PP comprometeuse a celebrar outra comisión na data do 17 de marzo de 2017 debido a proximidade da finalización das obras de ampliación da AP-9 xa que o último tramo de terra acabaría en abril de 2017.

Despois de catro meses e coas obras a punto de rematar, o Goberno Municipal do PP non convocou a Comisión de Seguemento das Obras de Ampliación da AP-9. Neste tempo as problemáticas coas obras da AP-9 foron constantes e as reposicións prometidas seguen sen estar feitas.

PREGUNTAS:

Cando pensa o goberno municipal convocar a comisión de seguemento da AP-9? E por qué non se convocou antes?”

Resposta: A sra. Amoedo Dasilva clarexa que as obras aínda non estean rematadas. Neste senso, a comisión de seguimento pediu un marxe de tempo para poder confirmar a data das obras de mellora e esta avanzada a xestión para concretar o proxecto de xeito que cando Fomento o indique se fará a comisión de seguimento.

O alcalde indica que na actualidade xa hai xuntanzas para garantir a coordinación.

Pregunta PSdG-PSOE relativo ao saneamento nos Valos (Rex. Entrada 26.06.2017, 2017-E-RE-303)

O proxecto de rede de saneamento na zona de Os Valos, Parroquia Saxamonde, foi levado a cabo polo Concello de Redondela co financeamento da Deputación de Pontevedra mediante o Plan Concello 2016. Dita obra é unha fase de saneamento de Os Valos debido a que un grupo de casas da marxe esquerda dirección Redondela da N-550 quedan sen saneamento. A obra que tiña un orzamento de 232.000 euros, aínda que non se executou a totalidade da partida orzamentada, deixou ao grupo de casas antes mencionado sen saneamento a pesar de que están na zona da obra.

PREGUNTAS:

Por que non se incluíron as casas da marxe esquerda dirección Redondela da N-550 que quedaron sen saneamento no denominado saneamento de Os Valos? Cal vai a ser a solución para a veciñanza desta zona que quedou sen saneamento?

Resposta: A sra. Barciela Barros clarexa que tecnicamente non era posible e manifesta que na zona á que se refire a pregunta non hai ni un metro de propiedade municipal.

6. Renuncia ao seu posto de concelleiro Ricardo Figueroa Rodríguez.

Visto o escrito de renuncia presentado con rexistro de entrada o día 14/06/2017, 2017-E-RC-8931 polo concelleiro Ricardo Figueroa Rodríguez de AER, renunciando á

súa condición de concelleiro, así como os escritos de renuncia presentados o 26.06.2017 e 27.06.2017 polos seguintes candidatos da lista electoral: Camino Alfaya Sánchez-Escobero e Laura Carmela Darriba Ferradás, respectivamente, a ser concelleiros, ponse en coñecemento do pleno ao amparo do disposto nos artigos 182.2 da Lei 5/1985, 19 de xuño, Órganica do Réxime Electoral Xeral e artigo 9.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais para que poida tramitarse diante da Xunta Electoral a súa substitución, pola persoa que segue na lista electoral, Noé Cano Correa.

VOTACIÓN E ACORDO:

O Pleno do concello, por asentimento unánime, toma coñecemento da citada renuncia, para os efectos oportunos.

7.Renuncia ao seu posto de concelleira Beatriz Laiño Ferreira.

Visto o escrito de renuncia presentado con rexistro de entrada o día 13/06/2017, 2017-E-RC-8882 pola concelleira Beatriz Laiño Ferreira de AER, renunciando á súa condición de concelleira, así como os escritos de renuncia presentados o 26.06.2017 e 27.06.2017 polos seguintes candidatos da lista electoral: Camino Alfaya Sánchez-Escobero e Laura Carmela Darriba Ferradás, respectivamente, a ser concelleiros, ponse en coñecemento do pleno ao amparo do disposto nos artigos 182.2 da Lei 5/1985, 19 de xuño, Órganica do Réxime Electoral Xeral e artigo 9.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais para que poida tramitarse diante da Xunta Electoral a súa substitución, pola persoa que segue na lista electoral, Juan Roberto Darriba Ferradás.

VOTACIÓN E ACORDO:

O Pleno do concello, por asentimento unánime, toma coñecemento da citada renuncia, para os efectos oportunos.

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e cincuenta e nove minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-